MARCO
MUSEO DE ARTE CONTEMPORÁNEA DE VIGO

CONFERENCIA

"**Isaac Peral e Vigo**", por Diego Quevedo Carmona

[Actividades paralelas exposición XULIO VERNE]

Charla de Diego Quevedo con datos inéditos do inventor do submarino militar eléctrico e a súa relación con Vigo.

Presenta: Eduardo Rolland

Data: venres 20 abril 2018
Lugar: salón de actos
Horario: ás 19.30

ENTRADA LIBRE E GRATUITA ata completar aforo



Submarino Peral o día da súa botadura no Arsenal de La Carraca (San Fernando, Cádiz), 8 setembro 1888

Isaac Peral (1851-1895) foi o inventor do primeiro submarino torpedeiro de propulsión eléctrica. O seu enxeño foi botado en 1888 e resultou un éxito, aínda que as autoridades da época descartaron finalmente o proxecto. Retirado da Armada e enfermo, Peral iniciou a súa actividade como industrial, aproveitando os seus coñecementos científicos sobre a enerxía eléctrica. En 1890 recalou en Mondariz, onde se lle propuxo electrificar a vila balnearia. Alí coincidiu con Emilia Pardo Bazán, que o fixo protagonista dalgúns dos seus escritos. E en Vigo, converteuse nunha celebridade, que acudiu por exemplo á inauguración do monumento a outro mariño ilustre; D. Casto Méndez Núñez.

A figura de Peral é a dun científico apaixonado cunha idea, o que o relaciona directamente co universo de Xulio Verne. Con esta charla a cargo de Diego Quevedo, o MARCO inicia unha serie de actividades paralelas de 'XULIO VERNE. Os límites da imaxinación', a exposición de Fundación Telefónica que a partir do 19 de abril ocupa as salas da planta baixa.

Diego Quevedo Carmona, Oficial da Armada, investigador e autor de numerosos estudios sobre a figura de Isaac Peral, é prestador de varias pezas únicas presentes na exposición, procedentes da súa colección particular. Quevedo presentará nesta charla documentos inéditos sobre a relación entre Peral e Vigo, e achegaranos á formidable aventura da construción do submarino, botado vinte anos despois de que o *Nautilus* do capitán Nemo entrase na ría de Vigo, en 1868, segundo a novela *Vinte mil leguas baixo dos mares*.

Contacto Departamento de Comunicación e prensa
Marta Viana Tomé
Tel. +34 986 11 39 08 /11 39 03 / 11 39 00
marta.viana@marcovigo.com

www.marcovigo.com
http://www.facebook.com/marcovigo
twitter. @MARCOVigo3